



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS PARA ACTUACIÓNS EN MATERIA DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA E DE FOMENTO DA CULTURA GALEGA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da extinta Consellería de Cultura, Educación e Universidade, na actualidade Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Don Danny Michael Barreto, vicepresidente da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG), con CIF G36821874 e enderezo no Pazo de Raxoi, 2º andar, 15705, Santiago de Compostela, que actúa en representación desta entidade segundo as facultades que lle outorga o artigo 8 dos seus estatutos.

EXPOÑEN

1. Que, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso do galego como lingua cooficial e a promoción e difusión da cultura galega.
2. Que, no ámbito da Administración autonómica de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e en promoción e difusión do patrimonio cultural de Galicia. Para estes efectos, co fin de actuar en todos os ámbitos sociais e conseguir os seus obxectivos en materia de dinamización lingüística e de fomento da cultura galega, debe colaborar, na medida do posible, con outras institucións e entidades galegas.
3. Que a Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) é unha entidade de ámbito estatal sen ánimo de lucro con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, inscrita dende o ano 1997 no Rexistro Nacional de Asociacións do Ministerio do Interior co núm. 162132.



XUNTA
DE GALICIA



Esta asociación, que xurdiu no ano 1980 na costa leste dos Estados Unidos de América, ten como obxectivo principal a promoción e difusión do saber científico de temática galega tanto dentro de Galicia como fóra das súas fronteiras e, como actividade principal, a organización de congresos internacionais sobre estudos galegos. As orixes da asociación, de enfoque claramente académico, estiveron relacionadas co traballo e coa dedicación de galeguistas de Estados Unidos na súa primeira década de existencia. A súa vitalidade viuse reforzada de maneira considerable a partir dos anos 90 coa creación e expansión dos Centros de Estudos Galegos mais os correspondentes lectorados galegos creados ao redor do mundo, co patrocinio e financiamento da Xunta de Galicia.

4. Que, de acordo co artigo 3 dos Estatutos da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG), esta persegue exclusivamente obxectivos de utilidade xeral e a súa existencia ten como fins: promover os estudos galegos no ámbito internacional, propiciar o intercambio entre as/os estudosas/os das diversas disciplinas que se ocupan da realidade galega e fomentar a presenza da cultura galega no mundo, especialmente no eido académico. Para o cumprimento destes fins, conforme o establecido no artigo 4 dos seus estatutos, a AIEG promove a elaboración de diversas publicacións e a organización dun congreso internacional.

5. Que as partes asinantes son conscientes da importancia do cumprimento do establecido sobre normalización lingüística e sobre o fomento da cultura galega, así como da responsabilidade que nestas materias teñen todas as entidades e institucións.

Conforme a isto, ambas as partes colaborarán na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega, que aprobou por unanimidade o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade, así como na dinamización da lingua galega no tecido económico para fomentar o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais, co fin de incrementar os produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

6. Que, consonte o marco descrito, a AIEG presenta ante a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades un proxecto baseado na organización dun congreso co que seguir promovendo a internacionalización dos estudos galegos e o intercambio do saber científico, así como a dinamización da lingua e fomento da cultura galegas alén das nosas fronteiras.

En consecuencia, tendo en conta a singularidade do seu obxecto e o carácter único e pioneiro en Galicia da actividade que esta asociación realiza, que destaca pola súa proxección internacional, non resulta posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actividades obxecto do convenio, nas que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades participará en calidade de coorganizadora.

De acordo co exposto, ambas as partes asinan este convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes



CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Cultura, e mais a Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) para a organización do XIII Congreso Internacional de Estudos Galegos, que terá lugar do 21 ao 24 de setembro de 2022 en Varsovia (Polonia), baixo o título "Abrindo rutas, expandindo camiños. Novas perspectivas e interseccións nos estudos galegos".

Segunda. Actividades

As actividades que realizará a AIEG para levar a cabo o XIII Congreso Internacional de Estudos Galegos concréntanse na organización de diferentes sesións de traballo e difusión: relatorios, paneis, mesas e sesións plenarias, que se formularán consonte os diversos enfoques ou ámbitos de estudo propostos e que contarán coa participación de especialistas pertencentes ao ámbito nacional e internacional.

No marco do congreso, tamén se realizarán actividades culturais (excursións, visitas etc.) especialmente dirixidas á mocidade investigadora, co fin de fomentar a súa participación e implicación. Así mesmo, o congreso tamén comportará a elaboración de material informativo, divulgativo e promocional.

Terceira. Financiamento

O custo total das actividades previstas no convenio suma uns **catorce mil oitocentos euros (14.800,00 €)**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades colaborará na realización das actuacións previstas na cláusula segunda do seguinte modo:
 - A través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, cunha achega de **tres mil euros (3.000,00 €)**, con cargo á partida 10.50.151A.640.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.
 - A través da Dirección Xeral de Cultura, con outra achega de **tres mil euros (3.000,00 €)**, con cargo á partida 10.40.432B.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.
- A AIEG colaborará coa cantidade restante, que é de **oito mil oitocentos euros (8.800,00 €)**.



**XUNTA
DE GALICIA**



Estas achegas financiarán exclusivamente o custo de organización e realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes poida obter ningún tipo de lucro a partir delas.

A titularidade e o uso dos resultados froito deste convenio serán comúns para as partes asinantes. A difusión dos estudos, publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para calquera delas, logo do consentimento da outra.

Ademais, cómpre destacar que a actuación obxecto deste convenio de colaboración está prevista na planificación estratéxica tanto da Secretaría Xeral de Política Lingüística como da Dirección Xeral de Cultura.

Cuarta. Xustificación e pagamento

De conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a documentación xustificativa presentarase telematicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>. Mentres non haxa un procedemento transversal específico para convenios, esta presentación realizarase a través do procedemento xenérico PR004A – Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado.

A instancia, xunto coa documentación correspondente, dirixirase á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades - Secretaría Xeral de Política Lingüística. Para a presentación da documentación será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Para percibir a cantidade que achega a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Cultura, a AIEG presentará telematicamente, coa data límite do 31 de outubro de 2022, a seguinte documentación:

- Certificado de execución das actividades do convenio, xunto co que se achegará a xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Os gastos xustificaranse con facturas.
- Informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na dinamización da lingua e fomento da cultura galegas.

No caso de que a xustificación de gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería diminuírase proporcionalmente.

Antes de asinarse o convenio, así como para o pagamento, a AIEG deberá presentar:

- Certificado de non ter ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública.



**XUNTA
DE GALICIA**



- Certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Certificado de estar ao día das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística será o órgano competente encargado de comprobar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos. Unha vez comprobada a documentación achegada pola AIEG, o secretario xeral de Política Lingüística emitirá un certificado ao respecto, que lle será enviado á Dirección Xeral de Cultura para que esta tramite o correspondente documento contable OK e llo remita á Secretaría Xeral de Política Lingüística co fin de continuar a tramitación do expediente para o pagamento.

A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar os certificados que deban emitir a Consellería de Facenda e Administración Pública, a AEAT e a Tesourería da Seguridade Social.

A AIEG facilitará toda a información que lle requira a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Quinta. Utilización da lingua galega e asesoramento

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberán levarse a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, respectarase rigorosamente a toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, comprométese a facilitarlle á AIEG, cando sexa preciso, o apoio e o asesoramento técnico necesarios sobre aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades do convenio.

Sexta. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os logotipos de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa. Sexa cal for o medio de difusión, cada parte comprométese a facer mención da outra e deste convenio.



Sétima. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2022, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes, cun mes de antelación polo menos, por incumprimento dos compromisos que nel se recollen.

Oitava. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento que estará composta por dúas persoas que representen a Secretaría Xeral de Política Lingüística, dúas que representen a Dirección Xeral de Cultura, nomeadas polos seus respectivos titulares, e dúas que representen a AIEG.

Esta comisión, que presidirá unha das persoas que representen a Secretaría Xeral de Política Lingüística, e que poderá estar asistida polo persoal técnico necesario, estará facultada para resolver as dúbidas que puidesen xurdir na execución deste convenio. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Novena. Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- Polo incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

De se denunciar o convenio, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poderá, se é o caso, esixir a devolución da cantidade achegada.

Décima. Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implicará ningunha vinculación laboral entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle pode esixir a esta ningunha responsabilidade directa, indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo primeira. Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades avaliará a realización das actividades referidas na cláusula segunda e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua e fomento da cultura galegas.



Décimo segunda. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio, as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais e mais o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

Décimo terceira. Notificación electrónica

Terase en conta o sinalado no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, segundo o cal os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, quen represente un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e o persoal empregado das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de persoal empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia (Notifica.gal), <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun usuario e clave no servizo Chave365 ou cun certificado electrónico de persoa física ou de persoa xurídica asociado ao NIF da persoa destinataria. Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra a que acceda ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta. Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

As partes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse as esixencias do Regulamento xeral de protección de datos –Regulamento (UE) 2016/679– e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE do 6 de decembro) e adoptaranse cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.



Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo quinta. Administración dixital

As partes respectarán as esixencias que establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais.

Tamén será aplicable aos cidadáns e cidadás, que teñen o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, deberán utilizar os sistemas de identificación e sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.

Décimo sexta. Normativa aplicable

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, así como polo disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto aplicaráselle, de acordo co artigo 4 da citada lei, os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.


A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir na aplicación deste convenio.

Ao estaren as partes conformes co estipulado, asinan este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades

Román Rodríguez González

O vicepresidente da Asociación
Internacional de Estudos Galegos

DocuSigned by:

Danny Michael Barreto
DA0E78A3197349A...